



## “Non todo é reciclar; tamén é necesario reflexionar, reeducar e reivindicar”

Asunción  
Ruiz

Directora de  
SEO/BirdLife

A reciclaxe é unha das mellores maneiras que temos como consumidores de demostrar a nosa conciencia polo medio ambiente. Así o asegura Asunción Ruiz, directora da ONG máis veterana de España SEO/BirdLife. Ruiz subliña tamén a necesidade de reciclar máis e mellor para reducir o noso impacto no medio e conseguir os obxectivos impostos por Europa, que son cada vez máis esixentes. Para iso, recomenda imitar a natureza e, en concreto, as aves, porque o aproveitan todo.

**Por que é importante a reciclaxe?** Porque non queda outra, os recursos da natureza son limitados. Aos famosos tres erres (reducir, reutilizar e reciclar) engadíralles outros tres máis para o consumidor, anteriores mesmo aos primeiros: reflexionar ou ser conscientes de que o concepto de consumo non está na natureza, reeducar nos valores para que cambiemos e reivindicar co fin de que haxa cambios.

**Hai quen é contrario a reciclar por consideralo un traballo do que se aproveitan algunhas empresas.** A reciclaxe é un dos nosos actos cotiáns co que mellor podemos demostrar que estamos concienciados coa conservación do medio ambiente. Pero non todo é reciclar, tamén é necesario aplicar todos os erres que comentaba con anterioridade. Como cidadáns, temos que facer un consumo consciente, para que se poida aproveitar ao máximo ese lixo. É normal que haxa empresas que aproveiten eses residuos, o criticable sería se se producise un lucro excesivo.

**Outra das razóns que esgrimen as persoas que non reciclan é que hai camiións do lixo que mesturan os diferentes colectores de reciclaxe.** A cadea de reciclaxe non é perfecta nin nolo contan todo, pero non por iso

hai que deixar de facelo. De aí o erro de reivindicar calquera irregularidade que vexamos.

**Como axuda a reciclaxe para cooidar a natureza?** A reciclaxe é básica para a conservación da natureza e a estratexia europea da economía circular sinálala como un dos seus sete obxectivos fundamentais. A natureza é unha perfecta máquina de reciclaxe, e somos nós os que temos que aprender e cambiar. Por exemplo, moitos fármacos que refugamos acaban na auga. Non reciclar é poñer en risco a nosa saúde. Estamos obrigados a facelo ben e a informarnos ante calquera dúbida.

**En que medida reciclamos os residuos que xeramos?** Aínda se está moi lonxe de reciclar o 100 % dos residuos. Europa acaba de aprobar que para 2030 se reciclen polo menos o 80 % dos residuos de envases e o 70 % dos residuos en xeral, e estamos lonxe de cumprilo. Outra medida ambiciosa é a prohibición de levar os residuos a vertedoiros para 2025, por ser un foco de risco de contaminacións graves (da auga ou de incendios, por exemplo).

**Os consumidores sabemos reciclar ou aínda nos equivocamos ao depositar o lixo?** Avanzamos moito e xa non nos equivocamos tanto ao utilizar os colectores, pero vivimos na sociedade do sofá e dámos preguiza achegarnos ao colector. Temos que ser moito máis conscientes de contribuír ao ben común. Pode haber pequenas dúbidas, como os refugallos de medicamentos, pero por iso hai que insistir na educación e na reeducación.

**Somos conscientes do que sucede co lixo que xeramos?** Non quero ser catastrofista, pero temos que frear a destrución que se está producindo da natureza. Na actualidade, fálase da economía circular, que non é ou-

tra cousa que imitar a natureza e que pode servírnos mesmo para a nosa supervivencia. Con este sistema, o lixo pasa a ser un recurso e dásele un valor económico. Pola súa banda, na natureza, calquera refugallo que se xera pasa a formar parte dos organismos vivos de hoxe ou de mañá. Parte dos átomos do noso corpo pasaron antes por trilobites, dinosauros etc. As aves son un exemplo de reciclalo todo.

**En que sentido?** Hai moitos exemplos. Algunhas especies aproveitan as plumas e os pelos caídos dos azores (un tipo de ave rapaz forestal) para facer os seus niños. O falcón pequeno (que pasa a maior parte do seu tempo en África) espera a que os corvos abandonen os seus niños para reutilizalos. As aves mesmo aproveitan os residuos que desperdiciamos nós, como as gaviotas nos vertedoiros ou os gorrións (ave do ano 2016) que recollen as cabichas para usalas nos seus niños. Ademais, cando un cadáver queda no campo, as diferentes especies preeiras apróveitan todo nun exemplo de reciclaxe e economía colaborativa. A innovación debería basearse máis na imitación da natureza, onde non se desaproveita nada. En definitiva, deberíamos ser moito máis “preeiros”.

**Hai algún uso destacado de residuos que se convertan logo en produtos?** Hai algunhas empresas, coma Ecoalf, que aproveitan os residuos para fabricar sandalias, mochilas e roupa de gran calidade. Teñen un proxecto moi potente que consiste en aproveitar os residuos plásticos do mar, como as redes dos barcos, para facer produtos téxtiles. Empeñarse en que non haxa residuos é un fantástico banco de emprego verde, hai que traballar en ecodeseño e en converter os residuos en produtos de calidade.